

PALABRAS PARA MORSE

Avalado co carimbo de gañador do III Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño que o Concello de Sarria e a Agrupación Cultural Ergueitos convocan en homenaxe do desaparecido poeta de Lóuzara, *Decrúa* é a quinta entrega poética de Estevo Creus. Un libro que, construído sobre o tema axial da desposesión, nos vai dando conta do abandono gradual por parte do ser dun entorno que devén en mapa fragmentario, como se fose *“unha topografía/ de enxertos/ e narcóticos”*, toda vez que el mesmo é consciente de que *“O único que teño/ é o baleiro que acode ó meu estómago/ e esta maldita ausencia de león”* para encher os seus camiños. Por esas rotas discorre o tormento da voz, a súa nudez a cada paso máis radical e unha alucinada revisión dos territorios da fuxida que o eu poético emprende. Gradualmente, a voz lírica presentaranos anacos da súa cotidianeidade a respecto da cal se posiciona como un *outsider* pois entende que esta realidade non é máis que unha *“ficción a prol do capital/ un relato de letras contra os ollos”*, unha falacia que o pon contra as cordas da loucura constantemente mentres se desenvolve nun mundo non por cotián menos alucinado. E así, o ser opta por irse preparando para adoptar unha nova identidade - representada no poemario polo termo *“decrúa”* que lle dá título e nos remite *“ao acto de cavar a terra, de preparala a fin de ser sementada”*, como explica Xavier Rodríguez Baixeras no “Epílogo”- onde, despojado de todo o que o manca na obriga de sentirse dentro e fóra, á vez, desta realidade - *“Eu adoito estar aquí./ Pero o difícil, o realmente difícil/ é precisamente ser de aquí,/ habitar aquí,/ sentirse aquí”*-, será el mesmo un texto, *“un poema que me conto e conto ós outros/ para poder definirme/ e dar coherencia á experiencia”*. O ser entra así nun proceso de ferida e desposesión que o leva a ir depurando esa consciencia de ser un *“habitante que se ignora/ un residente invisible”* dentro dunha crisálida que o vai acoller proximamente e na que, intúe, xa estivo algunha vez. Dela sairá renovado, como se neste proceso de catarse puidese liberarse das dolorosas marcas que o sinalan co estigma da metamorfose. Mais este proceso é un camiño lento e mutilador que nos fala de pel cortada, de sangue e feridas, de espanto e memorias infantís capaces de retrotraernos no tempo. De aí xorden as palabras para morse que forman os versos, esa mensaxe fragmentaria que domina o libro e na que debemos ir desbrozando a sabedoría de quen nos quere transmitir a experiencia do seu tránsito alucinado e doloroso pola vida: *“E entón falarte da visión/ ó igual que un día chegou ós meus oídos/ a palabra decrúa/ e tender así/ unha ponte infinda/ entre os magnolios”*. Nese diálogo co lector cifra o eu poético o seu cometido pois, na decrúa, amósase exposto e próximo ó cambio que xa vai experimentando mentres observa a vida dun xardín que devén en espacio de recollemento e integración pero tamén en elemento simbólico que representa a súa

propia persoa. E así pregúntase: *“qué fan os meus ollos ciscados pola horta/ por qué chantei os dedos en ringleira/ no medio das leitugas// se están ou non en flor/ as pólas que agroman nos meus brazos”*. Precisamente, este proceso de depuración do ser vese reflectido na propia estrutura do poemario a través desas catro partes en que se divide que representan tamén os catro estadios polos que o eu poético pasa, necesariamente, no seu proceso de cambio interno: a revisión do seu entorno cotián (primeira parte: “A realidade: mapa e territorio”), o desdebuxamento dos límites do espacio e o abandono do territorio habitual (segunda parte: “A realidade: lugar e desposesión”), a *“ecuación para o ruído”* que se articula arredor de todo o que nos leva á loucura e nos desorienta no proceso de (re)construírnos (terceira parte: “Enumeración da realidade”) e, por último, a saída do casulo coas as aínda húmidas e o corpo fráxil (cuarta parte: “decrúa (realidade última)”) como unha bolboreta que artellase para si unha identidade distinta. Deste xeito procura o ser a súa desposesión a través da fuxida, da catarse dolorosa mais necesaria á que se ve abocado sen remisión quen opta por *“cambiar a miña pel por outra pel e abandonar a memoria”*.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 85, xuño 2004, p. 72

